

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: Requirimento documentación promoción interna - funcionarización administrativas

EXPEDIENTE: 2023/G003/001525

Considerando o disposto na Resolución da Alcaldía nº 3654/2023, de 20 de marzo, que aprobou as bases xerais e específicas e a convocatoria do proceso para a provisión de dúas (2) prazas, polo sistema de promoción interna – funcionarización, de administrativa/o, correspondente á Oferta de emprego público do ano 2021.

Tendo en conta a publicación das bases reguladoras do devandito proceso selectivo e a súa convocatoria no Boletín Oficial da Provincia nº 69, de 12 de abril de 2023, así como os anuncios daquelas no Diario Oficial de Galicia, nº 92, de 15 de maio de 2023, e no Boletín Oficial do Estado, nº 128, de 30 de maio de 2023.

Sendo de aplicación os artigos 9, 26 a 28, 44, 49 a 51, 54 a 59 e 63 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia; o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro; a Lei 3/1983, de 15 de xuño, de normalización lingüística de Galicia; a Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes; os artigos 21.1.g), 91, e 103 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local; o artigo 177 do Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes en Materia de Réxime Local, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril; o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Civís da Administración Xeral do Estado aprobado por 364/1995, de 10 de marzo (de carácter supletorio conforme o artigo 1.3) e o Acordo regulador das condicións laborais do persoal funcionario ao servizo do Concello de Teo.

Examinada a documentación que a acompaña, vista a proposta do Tribunal cualificador de data 10 de novembro de 2023 e o informe da técnica de Recursos Humanos de data 18 de decembro de 2023.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

RESOLVO

Primeiro.- Aprobar a proposta do Tribunal respecto do nomeamento de Ana María Arias Díaz, provista de DNI nº ***7522**, e de María Jesús Bouzas Piñeiro, provista de DNI nº ***0678**, como funcionarias de carreira, para a provisión de dúas (2) prazas de administrativa, grupo C1.

Segundo.- Notificar a presente Resolución ás candidatas propostas requiríndolles, para que no prazo de vinte (20) días hábiles, a contar desde o día seguinte ao da súa notificación, presenten a declaración responsable segundo o modelo facilitado polo Concello, de que seguen reunindo todos e cada un dos requisitos esixidos, e acreditados no momento de terse presentado ao proceso selectivo, así como de non estar incursas en causa de incompatibilidade, de conformidade coas previsións normativas aplicables ao respecto, e isto sen prexuízo da responsabilidade na que, no seu caso, e por falsidade na dita declaración, puidesen incorrer. Igualmente deberán presentar copia cotexada de toda a documentación que presentou xunto coa solicitude de participación no proceso selectivo: titulación académica, Celga 4, DNI, pasaporte ou documento de identificación equivalente e acreditativo da nacionalidade, así como a xustificativa dos méritos alegados para a fase de concurso.

Terceiro.- Non se fai pronunciamento expreso respecto da creación da bolsa de emprego ao non existir persoas aspirantes para integrarse naquela.

Cuarto.- Publicar a presente resolución na páxina web e no taboleiro de anuncios do Concello, e o anuncio da contratación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e no Diario Oficial de Galicia.

Quinto.- Dar conta ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que celebre.

Teo, asinado polas persoas que se detallan a continuación, na data da sinatura dixital que figura na marxe.

A alcaldesa,

Lucía Calvo de la Uz

A secretaria xeral, que dou fe

Virginia Fraga Díaz

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)